



ÍNDICE DA DOCUMENTACIÓN

1. **MEMORIA TÉCNICA.**
2. **ANEXOS A MEMORIA TÉCNICA**
3. **LISTAXE DE CAMIÑOS.**
 - Ordenado por número
 - Ordenado por Referencia a os planos do PXOM
 - Ordenado por Parroquias
4. **FICHAS INDIVIDUALIZADAS. (Tres Tomos)**
5. **PLANOS POR PARROQUIAS SOBRE A CARTOGRAFIA OFICIAL A ESCALA 1:4.000.**
 - (1 plano por parroquia)
6. **PLANOS POR PARROQUIAS SOBRE A ORTOFOTO OFICIAL DO ANO 2.009 A ESCALA 1:4.000.**
 - (1 plano por parroquia).
7. **PLANOS SOBRE A CARTOGRAFÍA OFICIAL DO CONCELLO A ESCALA 1/4.000**
 - (44 planos formato DIN A-3, segundo do despiece de follas do PXOM)
8. **PLANOS SOBRE A ORTOFOTO OFICIAL DO CONCELLO DO AÑO 2.009 A ESCALA 1:4.000.**
 - (44 planos formato DIN A-3, segundo do despiece de follas do PXOM)
9. **DVD COS FICHEIROS (FORMATO .PDF, .XLS e .DOC) DA MEMORIA e LISTAXES DOS CAMIÑOS, E NO FORMATO .PDF CON TODOLOS PLANOS PRESENTADOS.**
10. **DVD COS FICHEIROS GRÁFICOS DO INVENTARIO EN FORMATO .IFG COMPATIBLE COS VISUALIZADORES “VISIG”.**



1.- MEMORIA TECNICA

- 1.1.- Introducción á memoria técnica e descritiva.
- 1.2.- Datos de partida.
- 1.3.- Información a incorporar á rede de camiños.
- 1.4.- Delimitación da zona de actuación.
- 1.5.- Metodoloxía do traballo:
 - a. Identificación dos camiños existentes sobre a cartografía.
 - b. Análise individualizado das fichas existentes.
 - c. Volcado dos datos obrantes sobre a cartografía.
 - d. Traballos de campo.
 - e. Elaboración de fichas individualizadas de cada camiño.
 - f. Xeneración das bases de datos.
- 1.6.- Elaboración da documentación para aprobación inicial e exposición pública.
 - a. Documentación a entregar para aprobación inicial.
 - b. Documentación a expoñer e exposición pública.
- 1.7.- Informe das alegacións presentadas.
- 1.8.- Redacción do documento para o acordo plenario de aprobación.
- 1.9.- Elaboración da documentación de aprobación definitiva.
- 1.10.- Aprobación definitiva e resolución de recursos.
- 1.11.- Edición do documento refundido.

2. ANEXOS A MEMORIA TÉCNICA:

- 2.1.- Certificado do Acordo Plenario de data 26/01/2012 de aprobación da Rede de Camiños Municipais.
- 2.2.- Certificado do Acordo Plenario de data 26/07/2012 de Aprobación definitiva da Rede de Camios Públicos Municipais. Resolución de Recursos presentados.

3. LISTAXE DE CAMIÑOS.

- Ordenado por número
- Ordenado por Referencia a os planos do PXOM
- Ordenado por Parroquias



1.- MEMORIA TECNICA DESCRIPTIVA PARA A ELABORACION DA REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

1.1.- Introdución.

A Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece que o solo urbano ten que contar con acceso rodado público, de aí o interese e importancia de dispoñer dunha rede de camiños que permita con seguridade determinar o carácter público dos camiños que serven de soporte para a edificación.

A rede de camiños municipais actual aprobouse polo Concello Pleno en sesión de 14 de novembro de 1985 unha vez aprobado o primeiro Plan Xeral de Urbanismo. Nestes vinte e cinco anos, produciuse unha transformación do municipio, froito das dúas revisións posteriores do Plan Xeral, a de 1995-1997 e a recentemente aprobada pola Orde de 11 de marzo de 2009, que permitiu dotar, mellorar e completar as infraestruturas de servizos, entre elas as redes de estradas, viais e rúas do concello. Agora ben, a definición de camiño como "tierra hollada por donde se transita habitualmente" (Diccionario da Real Academia da Língua) comprende calquera vía (camiño de servidume, camiño de servizo, camiño privado, camiño de acceso á praia, camiños e vías rurais, etc) pero cun réxime xurídico distinto, o que ten incidencia na ordenación territorial, a edificación e o asentamento da poboación, sendo unicamente edificables os solos urbanos que dan fronte -non a calqueira camiño- se non a vía de titularidade pública.

En Galicia hai un tipo de asentamento rural tradicionalmente disperso, de maneira que os camiños de servidumes e de servizos a terreos para realizar actividades de desenvolvemento rural, a medida que esta sociedade agrícola desaparece e transforma (o seu territorio ocúpase por áreas urbanas) os camiños se converten funcionalmente en estradas, vías urbanas e rúas, a pesar que nalgúns supostos figuren en títulos como camiños de servidume e /ou de servizos, de natureza xurídica privada.

A acreditación documental dos camiños é unha cuestión que vai adquirindo cada vez maior relevancia na lexislación local e urbanística. O art.º 74 do TRRL define os bens dominiais de uso público como "os camiños e estradas, prazas, paseos, parques, augas, fontes canles pontes, e demais obras de aproveitamento ou utilización xerais cuxa conservación e policía sexan da competencia da entidade local" Este artigo, xunto co 25 e 26 da RBRL, define os camiños públicos en función do destino (aproveitamento ou utilización xeral) e en función do mantemento e conservación, pero dende o punto de vista civil, o camiño será público ou privado en función dos títulos de propiedade sobre o mesmo.

En relación ao plan urbanístico temos que matizar que o que está grafiado no Plan Xeral como vial, non presupón sen máis a titularidade municipal, senón que determina a vocación ou o destino como camiño público a obter por calquera dous sistemas de xestión urbanística prevista na lei ou ben, como cesión urbanística en solo urbano consolidado para a edificación de soares.

A relación entre rede de vías públicas e o desenvolvemento urbanístico, a seguridade xurídica respecto á titularidade do dominio, o cumprimento das obrigas de conservación e mantemento dos camiños públicos, fundamentan a necesaria elaboración dun instrumento que refunda e documente en planos e textos os



camiños públicos tanto de tradición inmemorial como os cedidos co desenvolvemento urbanístico, de maneira que permita presumir a titularidade respecto dos que dándose as condicións de dominio público (servir de acceso á poboación, utilización xeral sen restrición ningunha, conservación e mantemento) non obstante carécese de título acreditativo.

Corresponde aos municipios as obrigas legais de conservación e mellora destinadas á protección dos bens dominiais. A defensa administrativa e xurídica dos bens municipais (incluídos os camiños públicos) é unha competencia municipal que recolle a Lei 7/1985, de bases do réxime local no art.º 82 cando di que:

“Las Entidades locales gozan, respecto de sus bienes, de las siguientes prerrogativas:

- a) La de recuperar por sí mismas su posesión en cualquier momento cuando se trate de los de dominio público, y en el plazo de un año, los patrimoniales.*
- b) La de deslinde, que se ajustará a lo dispuesto, en la legislación del Patrimonio del Estado y, en su caso, en la legislación de los montes.”*

Tamén no art.68:

“1. Las Entidades locales tienen la obligación de ejercer las acciones necesarias para la defensa de sus bienes y derechos.

2. Cualquier vecino que se hallare en pleno goce de sus derechos civiles y políticos podrá requerir su ejercicio a la entidad interesada. Este requerimiento, del que se dará conocimiento a quienes pudiesen resultar afectados por las correspondientes acciones, suspenderá el plazo para el ejercicio das mismas por un término de treinta días hábiles.

3. Si en el plazo de esos treinta días la entidad no acordara el ejercicio das acciones solicitadas, los vecinos podrán ejercitar dicha acción en nombre e interés de la entidad local.

4. De prosperar la acción, el actor tendrá derecho a ser reembolsado por la Entidad das costas procesales y a la indemnización de cuantos daños y perjuicios se le hubieran seguido.”

Un instrumento básico para a xestión e a defensa dos camiños é a súa inclusión no inventario de bens municipais. O art.º 17 do Regulamento de Bens das Corporacións Locais Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, establece a obriga de realizalo e en relación ás vías publicas deben constar os datos necesarios para a súa individualización, con especial referencia aos seus límites, lonxitude e anchura.

O documento que se presenta cumpre esta labor de inventario de camiños municipais o que permitirá a súa defensa, conservación e mantemento.

O Concello de Oleiros é un dos municipios da provincia da Coruña que conta con máis camiños e vías de titularidade municipal en relación a súa extensión. Cabe destacar, que na guía catastral existen máis de 1.000 viais. Esta complexidade fai necesaria a realización dun traballo de inventariado da Rede de Camiños e Vías Públicas do Municipio, para poder así diferenciar o espazo público do privado no que se refire ás vías de comunicación de titularidade Municipal.



1.2. Datos de partida.

Tal e como se especifica no prego de condicións técnicas de aplicación para os traballos, no ano 1985, como consecuencia da redacción do PXOU, realízanse unha serie de traballos encamiñados á identificación e inventariado da rede de camiños e viais públicos do Municipio

Así mesmo, nos traballos de información urbanística correspondente á Revisión e Adaptación de PXOU do ano 1993 realizáronse unha serie de traballos encamiñados á identificación e inventariado da Rede de Camiños e Viais Públicos do Municipio.

Para iso, confeccionáronse unhas fichas individualizadas de cada unha das vías e camiños públicos existentes ata o momento no Municipio e recollíanse os seguintes datos que se actualizaron para a elaboración deste documento que se presenta:

PARROQUIA

REFERENCIA (n.º de orde)

NUCLEO DE POBOACION

DENOMINACION

INDICACION DO INICIO E FINAL DO VIAL

ANCHO MEDIO DO CAMIÑO

TIPO DE PAVIMENTACION

ESTADO DE CONSERVACIÓN

SERVIZOS DE ABASTECIMENTOS EXISTENTES.

1.3.- Información a incorporar á rede de camiños públicos municipal.

A información que se incorpora vai encamiñada á perfecta identificación e valoración dos viais municipais.

Para iso, partindo dos datos obrantes no Concello, e tras un proceso de estudo de identificación e traballo de campo, obtense unha ficha individualizada de cada camiño ou vial de titularidade municipal.

Cada ficha contén a información seguinte:

Número do vial (código de entidade lineal)

Nome oficial deste

Identificación do punto de inicio e final

Tipos de pavimento existente na actualidade

Ancho medio do vial



Existencia ou non de beirarrúas con indicación do material desta

Redes de infraestruturas existentes no vial

Plano de situación do vial sobre a cartografía municipal.

Así mesmo, no referente aos servizos existentes solicitáronse os estados actuais ás empresas subministradoras e debúxase en cartografía.

1.4.- Delimitación da zona de actuación.

Aínda que os traballos a realizar comprenden todo o Termino Municipal, estes realizáronse por parroquias, agrupando os camiños e vías municipais sobre a base das nove Parroquias: Inás, Nos, Perillo, Liáns, Oleiros, Dorneda, Maianca, Serantes e Dexo.

Cando os camiños se estenden ao longo de 2 ou máis parroquias, tense presente en cal delas é onde existe máis trazado, para así fixar a documentación a entregar. Non obstante realízase unha anotación sobre que outras parroquias transcorre o mesmo, indicando nese caso, en cal delas encóntrase o inicio deste e o final.

Para determinar cal é o inicio e o final do vial, tívose en conta a orde dos números de policía existentes neste, deste xeito evitamos problemas de interpretación, e serve de referencia para posibles traballos de actualización do rueiro.

1.5.- Metodoloxía do traballo.

a).- Identificación dos camiños existentes sobre a cartografía.

O primeiro traballo realizado, unha vez recopilada e analizada toda a documentación que serviu de base para a elaboración da rede de camiños de titularidade municipal, foi a de identificar sobre a cartografía municipal, todos e cada un dos camiños inventariados no ano 1.985 e 1.993.

Este labor realizouse directamente sobre os sistemas de información xeográfica que a empresa posúe, e que son os que serven para poder introducir os datos e atributos necesarios para a exposición posterior dos mesmos sobre unha base de datos.

A cartografía municipal que se utilizou foi realizada a partir do voo de Agosto de 2.010, polo que o nivel de actualización desta é moi alto. Así mesmo utilizouse a ortofotografía da totalidade de municipio, realizada a partir do voo de Agosto de 2009, o que permite unha visión fotográfica real da traza do camiño.

Por ultimo, utilizouse o parcelario catastral urbano e rústico actualizado a data de hoxe. Este documento deunos unha visión real da propiedade tanto privada coma pública.



Ademais do anterior, tamén se tiveron en conta os planos do rueiro municipal existentes tanto en formato papel como dixital.

Outro documento moi importante que se utilizou para identificar os camiños de titularidade municipal, son as fotos aéreas do catastro antigo do ano 1.959. Nestas fotos, das que existe un ficheiro dixital en JPG, pódense identificar os camiños que historicamente foron considerados públicos, privados e servidumes de paso.

No tratamento desta información tívose especial coidado á hora de identificar os camiños existentes no seu día, e contrastouse coa documentación obrante no Concello dos mesmos, para determinar en realidade se o camiño ou vial é público ou privado.

b).- Análise individualizada das fichas existentes.

Tal e como se indica nos apartados anteriores, nos traballos de información urbanística do PXOU do ano 1.993, realizouse un listado de vías municipais existentes nese momento no municipio. Este listado, quedou reflectido nunha serie de fichas ordenadas por referencias onde se indican as características deste.

Nesta fase do traballo analizáronse individualmente cada unha das fichas, para posteriormente envorcar esa información sobre a propia cartografía municipal, utilizando como se dixo antes, un sistema de información xeográfica capaz de asignar atributos e datos para a súa posterior explotación.

Para iso solicitouse á dirección técnica dos traballos unha copia das citadas fichas, ordenadas por parroquias e referencias. Con esta información literal de cada camiño iniciáronse os traballos de envorcado de datos sobre a cartografía.

c).- Envorcado dos datos obrantes sobre a cartografía municipal, dixitalización dos eixos e asignación de atributos en camiños.

Este proceso é dos máis laboriosos e por iso formulouse realizalo por zonas, tal como ven inventariada a documentación dende o PXOU. do ano 1993.

Comprobouse en primeiro lugar a situación física do vial sobre a cartografía municipal utilizando os datos obrantes nas fichas, con estes datos procedeuse a marcar o vial sobre a cartografía e tomando como fondo a cartografía catastral, a ortofotografía dixital e as fotos do catastro antigo, dixitalizáronse as trazas dos mesmos e obtéñense os datos que interesan á hora de exportalos a unha base de datos.

Para iso, antes de iniciar o proceso de dixitalización do eixe, indicáronse sobre este os atributos que interesan, (código de vía, nome e sigla, n.º entidade liñal) etc.

A dixitalización do eixe do vial é continua, marcándoo sobre o centro simétrico dos bordos deste, deste xeito conséguese que a aparencia do eixe sexa a correcta e o cálculo da lonxitude deste sexa o máis preciso posible



Créase un código de eixe por cada un dos camiños ou vías de titularidade municipal existentes o que explicamos a continuación.

Utilizanse 3 tipos de numeración para identificar os camiños segundo os inventarios existentes:

1. Os numerados do 9 ao 1102, son os camiños e vías que teñen código de vía en Catastro, polo que se fixo coincidir o número do camiño con este rexistro catastral.
2. Os numerados do 10001 ao 10526, son os camiños que existen no inventario do ano 1993 e que non teñen código de vía en catastro
3. Os numerados do 90001 en diante, son os camiños que non están nin en catastro nin no inventario do ano 1993.

Deste xeito podemos identificar o camiño dentro da cartografía cunha simple chamada ao n.º de vial e na medida do posible faise coincidir o n.º do vial co código de vía da base de datos catastral.

Para iso obtense a información da base de datos do catastro. Esta información facilítanos en boa medida o cruzamento de datos cos propios do catastro e no caso de novas vías que non existan na base de datos catastral, servirá de documentación gráfica para que o servizo correspondente o incorpore coa nomenclatura e codificación correcta.

É importante a xeneralización dos nomes e siglas de vías existentes no municipio, así como a verificación dos seus nomes correctos. Existían vías co mesmo nome e distinto código de vía, vías con nome en castelán cando deberían estar en galego, ou mesmo vías que non existían sobre o territorio municipal. Para este labor solicitamos dos servizos de estatística municipal, e do rueiro oficial os datos para contrastar cos de catastro e depurar no seu caso as deficiencias detectadas.

Por último incorpóranse todos os datos de abastecementos de servizos existentes. Esta información envorcouse tamén sobre a cartografía para ser comprobada en campo.

d).- Traballos de campo.

Tras a dixitalización de todos e cada un dos eixes de camiños e viais de titularidade municipal, realizouse unha revisión minuciosa en campo, dos datos obtidos na fase anterior.

Para el e como fase previa, imprimíronse fichas de campo, que practicamente son como as que se entregan no documento definitivo onde se recollen os datos do camiño ou vial.

Nesta revisión comprobouse a realidade actual de cada camiño, (pavimento, estado deste, beirarrúas, servizos, arborado, etc.) e tamén os anchos medios dos camiños tomados inicialmente na cartografía.

Tras a revisión de campo, envorcáronse os datos obtidos, corrixindo ou completando os xa existentes de fases anteriores. Este traballo tamén organizouse por parroquias.



e).- Elaboración das fichas individualizadas de cada camiño.

Unha vez finalizados os traballos de campo, envorcaronse sobre a cartografía os datos capturados, este labor realizouse conxuntamente (cartografía e BB.DD) para evitar erros ou omisións destes.

Como se indicou anteriormente, na propia cartografía fíxanse os atributos necesarios para crear unha base de datos concreta de cada camiño ou vía de titularidade municipal.

A ficha está confeccionada sobre unha base de datos en formato Access, e os datos desta foron importados directamente dos atributos dos eixes dixitalizados na cartografía, deste xeito evitaremos erros á hora de transcribir os datos dende o ficheiro gráfico ao alfanumérico.

Complétase a información recollida no ficheiro de atributos do eixe do camiño cos datos obtidos en campo, sobre pavimentación, servizos existentes e mesmo a situación e n.º de plano onde se encontran dixitalizados os viais.

Así mesmo indícase o n.º de vial, o nome do mesmo (rúa, camiño, estrada, etc.), a identificación do punto de inicio e final do vial, (cruce con outros camiños, ou lugares significativos), o tipo de pavimentación existente, e o ancho medio deste, e tamén os servizos cos que conta (auga, electricidade, etc).

Toda esta información como se ven dicindo na memoria, realízase cun sistema de información xeográfico capaz de aglutinar e exportar os datos gráficos como alfanuméricos.

O sistema utiliza ficheiros formato JPG, compatibles cos visualizadores VISIG que o Concello ten instalados e que habitualmente está utilizando para a xestión de datos catastrais e atención ao público en consultas sobre plan.

Non obstante o anterior, tamén se xeraron ficheiros en formatos DWG, DGN ou DXF, para que a información poida ser tratada por outros sistemas gráficos.

A continuación preséntase o modelo de ficha individualizada por camiño cos datos deste. Este deseño foi consensuado pola empresa e a dirección técnica dos traballos.



Concello de
Oleiros

INVENTARIO DE CAMIÑOS, VÍAS E RÚAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

FICHA DE DATOS

CARACTERÍSTICAS

Nº de orde	Código da vía	Nome da Vía	Nº plano PXOM
1	9	AUGARRIO	17

SITUACIÓN

Parroquia DORNEDA	Núcleo SISALDO	Catastrado en 1.959 SI
Inicio en AV REPUBLICA ARGENTINA	Remate en RU MAR	Inventariado en 1.985 SI

CARACTERÍSTICAS

Lonxitude 648,537	Ancho medio. 9,15	Pavimento ASFALTO	Beirarúas PARCIALMENTE	Arborado NON
----------------------	----------------------	----------------------	---------------------------	-----------------


SERVICIOS é ABASTECEMENTOS

Auga SI	Alumeado Público SI	Saneamento SI	Pluviais SI	gas SI	Telefonía	Comunicacións - Datos
------------	------------------------	------------------	----------------	-----------	-----------	-----------------------

Observacións

--

Plano de Situación





f.- Xeración de bases de datos.

Paralelamente á obtención de datos gráficos, xeráronse as bases de datos asociadas á cartografía. Esta base de datos estrutúrase segundo os parámetros definidos na captura tanto en gabinete coma en campo, para que fose o máis completa e fiable posible. Exportáronse a un formato MBD e a información obtida das fases de dixitalización dos eixes, complétase cos datos tomados en campo sendo o resultado final un ficheiro informático no formato que se estimou capaz de aglutinar toda a información dos camiños e vías de titularidade municipal.

1.6.- Elaboración de documentación para a súa toma de coñecemento e exposición pública.

a).- Documentación a entregar.

Unha vez finalizados os traballos de campo e de integración dos datos sobre a cartografía e a base de datos, xerouse a documentación necesaria para a aprobación inicial por parte do Concello do inventario de camiños de titularidade municipal.

Esta documentación estaba composta por 1 xogo de planos de todo o Concello a E= 1/10.000, ortofotos de todo o Concello e 1 xogo de fichas de todos os camiños de titularidade municipal.

Nestes planos identificáronse correctamente os camiños inventariados sobre a cartografía municipal.

Tamén se imprimiu unha listaxe con todos os camiños ordeado por n.º de referencia e plano no que se sitúa.

b).- Documentación a expoñer e exposición pública.

Entregado o documento realizouse unha exposición pública durante 15 días na Casa Charry do Concello.

Para iso realizáronse unha serie de ploteados as escalas necesarias para que se puidesen apreciar con claridade a situación dos camiños e viais recollidos no presente traballo.

Estes documentos imprimidos por Parroquias colocáronse sobre uns paneis de cartón pluma ríxido e distribuído por toda a planta da Casa Charry.

Outro documento que se expuxo na exposición foi un xogo de fichas individualizadas de todos os camiños de titularidade municipal.

Así mesmo mantívose en todo o tempo que durou a exposición un ordeador con toda a información tanto gráfica como alfanumérica para ser consultada en todo momento pola empresa a petición dos interesados

Ademáis de toda a información que detallamos con anterioridade, a empresa mantivo durante o proceso de información unha copia do catastro antigo de 1.959. Este documento foi moi válido para concretar con



algúns veciños dúbidas sobre a titularidade do camiño. Durante o prazo da exposición, técnicos da empresa atenderon aos cidadáns e axudáronos na formulación das correspondentes alegacións

Por parte do Concello toda a información de planos ploteados por ortofotos, expúxose en Internet para ser consultada polos veciños durante o proceso.

A exposición foi visitada por moitos cidadáns e facilitóuselles a presentación de alegacións a través de formulario tipo e copias de planos. Presentáronse 92 alegacións (inclúe as dos servizos técnicos municipais) 47 solicitando a exclusión parcial da Rede de Camiños Municipais, 18 solicitando a incorporación dos camiños existentes na rede, 8 de corrección de trazado e 19 sobre outros contidos.

1.7.- Informe das alegacións.

Tal e como se indicou anteriormente, recolléronse no período de exposición pública as alegacións que os veciños presentaron ao traballo exposto.

Nestas alegacións indicáronse os erros que os propios veciños detectaron, e que fosen susceptibles de corrixir. Tamén houbo moitas consultas por discrepancias da traza dos camiños, o seu inicio e final e por último o seu topónimo.

O equipo que subscribe, realizou unha análise pormenorizada de cada unha das alegacións presentadas, así como da documentación que se achegaba para xustificación desta.

As alegacións agrupáronse por tipo de reclamación, e fíxose un informe de cada unha delas, propoñendo a súa aceptación ou desestimación en función da petición e documentación achegada.

O informe realizouse sobre o total das alegacións presentadas (92 en total) e entregouse pormenorizadamente ao Concello nun ficheiro Excel.

1.8.- Redacción de documento para acordo plenario de aprobación.

Polos técnicos municipais completouse o informe sobre alegacións. O Alcalde e o 1º tenente coñecedores do termo municipal fixeron valiosa achega sobre a existencia real de camiños que figuraba en planos, moitos deles actualmente xa desaparecidos o que permitiu depurar e axustar á realidade a rede de camiños existentes que se consideran de titularidade municipal.

Incorporadas todas as modificacións, procédese á edición do documento para o acordo plenario de aprobación.

Este documento redáctase seguindo as prescricións da dirección técnica dos traballos, e contén a totalidade dos camiños e vías inventariadas, no soporte e formato segundo prego de condicións técnicas para este traballo.



1.9.-Elaboración da documentación de Aprobación Definitiva.

Para a aprobación definitiva do Inventario de Camiños e Vías de Titularidade Municipal confeccionouse unha serie de documentación que estaba composta por:

- Memoria descriptiva do traballo e xustificación da metodoloxía empregada.
- Anexo de fichas Individualizadas.
- Listaxe dos camiños ordenados por número de orde, referencia ao plano do PXOM e parroquia.
- Planos sobre a Cartografía oficial do Concello a escala 1/4000.
 - ✓ Ploteáronse en formato DIN A-3 utilizando o mesmo despezamento que no PXOM aprobado o 11/03/2009 pola C.P.T.O.P.T. (44 follas) e recollendo todos os camiños inventariados con referencias suficientes para a súa localización nas fichas individualizadas.
 - ✓ Asimesmo ploteáronse no formato suficiente para que recollera nun só plano cada unha das parroquias que compoñen o municipio coa información indicada anteriormente.
- Planos sobre a Ortofoto oficial do Concello a escala 1/4000.
 - ✓ Ploteáronse en formato DIN A-3 utilizando o mesmo despezamento que no PXOM aprobado o 11/03/2009 pola C.P.T.O.P.T. (44 follas) e recollendo todos os camiños inventariados con referencias suficientes para a súa localización nas fichas individualizadas.
 - ✓ Asimesmo ploteáronse no formato suficiente para que recollera nun só plano cada unha das parroquias que compoñen o municipio coa información indicada anteriormente.



1.10.- Aprobación definitiva e resolución de recursos presentados.

En sesión Celebrada o día 26/01/2012 acórdase resolver as alegacións presentadas e APROBAR DEFINITIVAMENTE a Rede De Camiños Públicos de Titularidade Municipal.

O acordo notificouse aos alegantes e publicouse o seu anuncio no BOP n.º 42 de data 1 de Marzo de 2012.

Unha vez transcorrido o prazo para a interposición de recurso de reposición potestativo e previo á vía contencioso-administrativa, presentáronse os seguintes recursos:

Polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 26.01.2012 acordouse resolver as alegacións presentadas e aprobar definitivamente a REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

O acordo notificouse aos alegantes e publicouse anuncio no BOP de 1 de marzo de 2012 nº 42.

Transcorrido o prazo para a interposición de recurso de reposición potestativo e previo á vía contencioso-administrativa, presentáronse os seguintes recursos:

- 08.02.12, nº1478, LUIS GOMEZ ARAUJO.
- 06.03.12, nº2823,2822,2821,2820, EDUARDO SOLORZANO MIRANDA.
- 12.03.12, nº3274, RAMON HERMIDA OREONA e OUTRO.
- 12.03.12, nº3281, RAMON HERMIDA OREONA.
- 27.03.12, nº4075, M SUSANA BLANCO MONTERO.
- 27.03.12, nº4078, M AURORA MONTERO NUEZ.
- 28.03.12, nº4182, PEDRO GAREA GESTAL.
- 28.03.12, nº4128, JOSE MANUEL DIAZ GARCIA e OUTRA.
- 30.03.12, nº4226, JESUS-RICARDO SANCHEZ BESTILLEIRO.
- 16.04.12, nº5143, FERNANDO PEREZ SUAREZ.
- 20.04.12, nº5434, ROBERTO LOPEZ GONZALEZ e OUTRO.
- 25.04.12, nº5703, M DEL CARMEN ROEL BARREIRO.

En sesión celebrada o día 26/07/2012 acórdase a RESOLUCIÓN dos RECURSOS presentados no sentido informado polos técnicos municipais, notificar aos recurrentes, e instar á empresa que subscribe á redacción do Documento Refundido tras a realización das modificacións derivadas do recursos presentados e estimados.



1.11.- Edición do documento refundido.

Tras a aprobación definitiva e a resolución dos recursos presentados, realízase a edición do documento refundido da REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL, que está composto polos seguintes documentos:

- Memoria descriptiva do traballo e xustificación da metodoloxía empregada.
- Anexos: certificación de acordos plenarios de 26.01.2012 e 26.07.2012.
- Anexo de fichas Individualizadas.
- Listaxe dos camiños ordenados por número de orde, referencia a plano e parroquia.
- Planos sobre a Cartografía oficial do Concello a escala 1/4000.
 - ✓ Ploteanse en formato DIN A-3 utilizando o mesmo despezamento que no PXOM aprobado o 11/03/2009 pola C.P.T.O.P.T. (44 follas) e recollen todos os camiños inventariados con referencias abondo para a súa localización en fichas individualizadas
 - ✓ Así mesmo plotease no formato suficiente para que abran nun só plano cada unha das parroquias que compoñen o municipio coa información indicada anteriormente.
- Planos sobre a Ortofoto oficial do Concello a escala 1/4000.
 - ✓ Ploteanse en formato DIN A-3 utilizando o mesmo despezamento que no PXOM aprobado o 11/03/2009 pola C.P.T.O.P.T. (44 follas) e recollen todos os camiños inventariados con referencias abondo para súa localización en fichas individualizadas.
 - ✓ Así mesmo plotease no formato suficiente para que abran nun só plano cada unha das parroquias que compoñen o municipio coa información indicada anteriormente.

Esta documentación preséntase por TRIPLICADO. Así mesmo entregarase un soporte dixital (CD ou DVD) cos ficheiros da memoria en formato FDF e DOC, e dos planos en formato PDF.

A Coruña, a 30 de Agosto de 2012

DITECAR, CARTOGRAFÍA Y TOPOGRAFÍA, S.L.
Asdo/ Francisco L. Ríos González



2.- ANEXOS A MEMORIA TÉCNICA



2.1. Certificado do Acordo Plenario de data 26/01/2012 de aprobación da Rede de Camiños Municipais.



2.2. Certificado do Acordo Plenario de data 26/07/2012 de Aprobación definitiva da Rede de Camios Públicos Municipais. Resolución de Recursos presentados.



3.- LISTAXE DE CAMIÑOS



3.1. Listaxe de camiños ordeado por Número.



3.2. Listaxe de camiños ordeado Referencia a os planos do PXOM.



3.3. Listaxe de camiños ordeado por Parroquias.